




## **O texto. As variedades dialectais**

### **Índice de contidos:**

1. O texto. Propiedades do texto:
  - 1.1. Que é un texto?
  - 1.2. O texto lingüístico
  - 1.3. Texto e discurso.
  - 1.4. Propiedades do texto
  - 1.5. A cohesión
  - 1.6. A coherencia
  - 1.7. A adecuación
  - 1.8. O significado
  - 1.9. A intencionalidade
  - 1.10. A clausura
2. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións.
3. A progresión temática
4. As variedades dialectais
5. Bloques e áreas dialectais
6. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos
7. O texto dialectal



## 1. O texto. Propiedades do texto.

### 1.1. Que é un texto?


O concepto que se adoita manexar da palabra “Texto” é o dun conxunto de signos dentro dun sistema de escritura con unidade de sentido. O tamaño pode ser variable, desde unha máxima como “A historia é mestra da vida” ata unha obra como A Esmorga ou Gramática da lingua galega.

Tamén se pode definir o texto como “un conxunto de signos cunha intención comunicativa que adquire sentido en determinado contexto”.

## 1.2. O texto lingüístico.

Na definición de “Texto lingüístico” séguese frecuentemente a opinión de Greimas que considera que un texto lingüístico é un enunciado oral ou escrito que nos permite visualizar as palabras que escoitamos e que se utiliza para manifestar o proceso lingüístico. Ao lado desta opinión está a de Hjelmslev que con ese nome designa o todo dunha cadea lingüística ilimitada. En lingüística, non obstante, non todo conxunto de signos constitúe un texto.

## 1.3. Texto e discurso.



O concepto de “texto” está estreitamente relacionado co de “discurso”, pois o discurso é emisión concreta dun texto, por parte dun emisor determinado nunha determinada situación de comunicación. Así pois, non pode haber discurso sen un texto. Deste xeito o que se di dos textos vale tamén para os discursos.

Os textos, ao igual que os discursos, poden ser monoloxais ou dialoxais. Así son textos monoloxais, oral: unha declamación ou un discurso político; escrito: unha novela, unha carta. E son textos dialoxais, oral: unha conversa nun bar; escrito: unha leria por chat.


#### 1.4. Propiedades do texto.



As principais características ou propiedades dun texto son a cohesión, a coherencia, a adecuación, o significado, a intencionalidade e a clausura ou cierre. Que o texto debe estar cohesionado quere dicir que ten que estar ben estruturado e ben relacionado nas súas partes. Que o texto debe ser coherente quere dicir que debe centrarse nun tema ou idea central, arredor da que deben xirar as outras ideas. Que o texto deba ser adecuado quere dicir que a modalidade de lingua que se use debe ser comprendida polo receptor ao que vai dirixida a mensaxe, aínda que non o sexa para todos os posibles lectores ou receptores. O significado do texto está determinado polo contexto e situación (espazo e tempo) en que se produce, ao tempo que entra en relación con outros textos o que permite formar un contexto que pode determinar o seu significado. Un texto é unha sucesión de palabras, pero tamén, e sobre todo, é unha sucesión de ideas, cada idea repite información anterior e engade nova información. Esta debe ser a progresión que todo texto debe utilizar para poder avanzar correctamente na información. Pero os textos, ademais, deben ter unha intencionalidade comunicativa, é dicir, deben querer dicir algo a alguén e na medida en que o logren serán máis ou menos eficaces e eficientes. Para lograr esa eficacia poden utilizarse determinadas estratexias. Por último, un texto debe concluír

adecuadamente deixando pechada a información, dando por sobreentendido que se logrou o que se pretendía.

### 1.5. A cohesión.



No apartado catro (4) definimos a cohesión. Precisando o concepto, diremos que a cohesión é aquela propiedade dun texto cuxo desenvolvemento lingüístico non presenta repeticións innecesarias e non resulta confuso para o receptor. Un texto coas frases ben conectadas entre si por procedementos lingüísticos variados é un texto ben cohesionado. Cando elaboramos un texto, repetimos ideas, por iso convén que, para que o texto sexa atractivo, non repitamos palabras ou frases. Podemos repetir ideas, pero non debemos repetir formas innecesarias que empobrecen o estilo. Para evitar defectos, utilizaremos recursos como a elipse, a sinonimia, os deícticos...

Como procedementos de cohesión textual úsanse: a deixes (pronomes e adverbios, cuxo significado hai que buscar nos elementos presentes na mesma frase ou oración ou en frases anteriores ou posteriores); os xenéricos (*cousa, persoa,...*); palabras que substitúen enunciados (*o dito...*); a sinonimia (distintas palabras con igual significado), hiperonimia, hiponimia (palabras con significado máis ou menos restrinxido: *flor* -



*rosa*); conectores (palabras que vinculan un enunciado a outro elemento anterior, axudando a aclarar as informacións; os marcadores de orde: *primeiro*...

A cohesión axuda á coherencia e facilita a comprensión dos textos.

## 1.6. A coherencia.



A coherencia é a propiedade dos textos que nos permite ver unha sucesión de elementos coma se fosen unha unidade. Se podemos interpretar as diversas partes dun texto como integrantes dun todo, dicimos que ese texto é coherente, e, de non ser así, diremos que é incoherente. A coherencia é máis unha propiedade do proceso de produción do texto, que do texto mesmo. A coherencia ten unha grande dependencia da intencionalidade, polo tanto ten máis que

ver co emisor que coa mensaxe.

Un texto coherente tense que percibir como un todo. Así unha colección de contos como *Á lus do candil* ten a unidade que lle dá o seren relatos feitos coma aqueles que se contaban na lareira á luz do candil. Un texto coherente debe ofrecer informacións transcendentais non redundantes. Así non diríamos de Cunqueiro que é un ser humano, pero si que é un escritor. Tampouco informariamos de que talla de pantalóns usaba, pero si nomeariamos as súas obras máis importantes. Un texto coherente debe ter en conta os coñecementos do destinatario. Así nunha historia da literatura universal ou española diríamos que Cunqueiro era natural de Galicia, pero nunha historia da literatura galega, ese dato dáse por suposto.

Nos textos literarios a coherencia é relativa, pois ás veces o autor pretende obxectivos distintos, amparados no mundo onírico ou do absurdo, fóra de toda lóxica.

A coherencia ten que ver con outros aspectos do texto, como poden ser: a estrutura semántica do texto, pois é unha propiedade basicamente semántica, determinada polo significado do texto, as informacións que contén e a súa organización. Tamén ten que ver co sentido do texto, pois este percíbese como unha unidade de sentido e non como un conxunto de enunciados sen conexión.

Hai tres tipos de coherencia: global, lineal e local.

A coherencia global refírese á unidade temática do texto; a lineal ten que ver coa estrutura do texto e coa organización lóxica das ideas e a progresión temática adecuada; a local refírese ao sentido de cada enunciado.

A coherencia nas relacións entre os elementos ou secuencias significativas veñen determinadas polos tipos de nexos que relacionan eses elementos. As relacións e os nexos serán:

Causalidade: relación causa - efecto, os nexos serían: *porque, posto que, pois, a causa de*...

Certeza: reforzo das ideas do autor os nexos serían: *evidentemente, de feito, claro*...

Consecuencia: marca a continuidade, nexos: *pois, deste modo, logo, polo tanto, con que*...


Condición: establecen un requisito para que algo suceda, nexos: *con tal que, xa que...*

Oposición: establecen unha relación entre contrarios, nexos: *pero, con todo, senón...*

### 1.7. A adecuación.

Esta característica textual fai referencia á necesaria relación de equilibrio que debe haber entre as competencias lingüísticas do emisor, e o uso que delas fai, e as competencias lingüísticas do receptor e as posibilidades que lle outorgan para interpretar textos orais ou escritos. É responsabilidade de quen crea un texto adecualo ás capacidades dos destinatarios. Esta característica debe ser tida en conta, fundamentalmente, nos textos científicos, técnicos ou prescritivos, porque corremos o risco de perder as posibilidades de comunicación. O médico non fala o mesmo dunha enfermidade nun congreso de especialistas, que cando se está comunicando cun paciente. O que fai é adecuar a información ao receptor. A adecuación está intimamente relacionada coa intencionalidade. Se queremos divulgar unha información e que chegue ao maior número posible de receptores, farémolo nunha linguaxe sinxela e facilmente comprensible. Pola contra, se queremos falar ou escribir para minorías, farémolo nun estilo elevado. De aí esa literatura para minorías de difícil interpretación (vanguardismos).

### 1.8. O significado.



Este é un concepto que se pode observar desde diferentes ópticas, aínda que todas relacionadas.

En relación ao signo lingüístico dise que este ten dúas caras ou planos: significante e significado. Desde esta óptica o significado é “a imaxe mental” que temos do signo lingüístico. Esta imaxe mental ou contido depende de cada persoa,

pois cada un atribúelle un valor mental ao significado, aínda que convencionalmente ese significado debe ser igual para todos, pois, de non ser así, a comunicación non sería óptima.

Isto era así para Saussure, pero hai outras visións do concepto. Hai quen considera que o significado é a interpretación do signo (Peirce) e hai quen define o significado como o resultado do uso que facemos do signo (Wittgenstein).


A semántica, disciplina lingüística ocupada no estudo do significado, interpretaría o significado como aquilo que é común a todas as situacións nas que se usa unha expresión á marxe do contexto. A que tería en conta o contexto lingüístico sería a pragmática.

Para a semiótica o significado só pode existir cando existe unha pluralidade de cousas significadas. Un signo existe porque hai outro ao que se pode opoñer. Existe o significado de “pedra” porque non é unha “ra” ou un “piñeiro”. Os signos son, pois, esencialmente, arbitrarios, é dicir, non existe un motivo polo que un significante deba designar determinado obxecto, salvo no caso das onomatopeas. O significado non sería, así, algo asociado ao obxecto.

É a pragmática a disciplina lingüística que estuda de que xeito afecta o contexto ao significado. A pragmática establece dous tipos de contexto: o lingüístico e o situacional. É isto o que fai que unha oración como “tocou o timbre” poida significar: 1. hai que entrar á clase; 2. acabou a clase; 3. soou o timbre; 4. alguén puxo a súa man no timbre. Serán o contexto e a situación os que determinen que significado ten a oración en cada caso. Segundo a pragmática o significado tería moito que ver, pois, co contexto e coa situación en que se produce o acto de comunicación.

### 1.9. A intencionalidade.

Os textos elabóranse cunha intencionalidade, un obxectivo ou un fin. Fanse para algo. É necesario que a intencionalidade estea clara. Iso permitíranos xulgar se os obxectivos se lograron e se o texto logrou o que o autor se propuxo. De non ser así, o texto non será eficaz, podendo dicir que a información non chegou ao seu fin. Se un texto non logra os obxectivos propostos, non está ben construído. Os obxectivos poden ser estéticos ou pragmáticos. Se pretendemos crear textos estéticos a información pode ser secundaria, é dicir, o contido informativo pode pasar a segundo plano. Nun texto pragmático o fundamental é a información, e moitos os motivos polos que esa información pode non chegar ao receptor ou destinatario. Un texto pragmático non pode descoidar a forma, do mesmo xeito que un texto estético pode estar cheo de contido informativo. Hai textos nos que se mesturan as dúas intencionalidades. Isto é que ocorre, por exemplo, en determinados fragmentos de *A gaita galega...* de Xoán Manuel Pintos nos que fala da lingua galega.





## 1.10. A clausura

Por último, un texto ten que ter un remate, un cerre que lle debe dar unidade. Non debe quedar a información inconclusa, nin os obxectivos intencionadamente non logrados. Os textos fragmentarios só son posibles e admisibles cando constitúen relatos por entregas, para manter o interese pola nova entrega. O texto ten que ter unidade temática, informativa e intencional e, ao final, ten que ter transmitida unha información e logrados uns obxectivos. Isto é o que sucede no libro *Cantares gallegos* de Rosalía, que constitúe un amplo texto no que os poemas primeiro e último mostran a intención (en forma de rogo) e clausuran a información (en forma de desculpa): “has de cantar...”, “eu canta, cantar, cantei...”

## 2. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións.

As propiedades dos textos maniféstanse por medio de certos procedementos lingüísticos (gramaticais e léxicos). Deste xeito a cohesión susténtase en procedementos tales como a repetición, a substitución léxica, a elipse ou a referencia.

Diferentes enunciados poden estar unidos ou vinculados a través da repetición de elementos léxicos.

Ex.: *Eu estudo nun colexio ubicado no rural; o colexio sitúase nunha finca de 22.000 metros cadrados, ocupando a edificación aproximadamente unha quinta parte da finca. O edificio ten dúas plantas; na planta de abaixo están os niveis de infantil e de 1º e 2º de EP na ala dereita; 3º e 4º da ESO e Bacharelato na ala esquerda. Na segunda planta están o resto dos cursos.*

Ás veces, para evitar a repetición de elementos, o que facemos é utilizar o proceso da substitución, utilizando nomes comúns por propios, sinónimos, hipónimos ou hiperónimos, metáforas, metonimias e paráfrases.

Ex.: *Parei no camiño a falar con Antón, vello amigo da infancia. Era un rapaz moi afaible e simpático, quizais por iso fixera, desde sempre, boas migas con el, que regalaba rosas, flores de grande simboloxía para el, ás amigas.*

Con frecuencia o procedemento utilizado para unir enunciados é o da elipse (supresión de elementos que xa se mencionaron antes e que se dan facilmente por entendidos grazas ao contexto. A elipse pode ser dunha palabra (substantivo, verbo,...), dunha frase ou dunha oración.

Ex.: *O día 12 teño exame de Galego; o [día] 13 [teño exame] de Castelán, así que hoxe non podo ir ao cine, ti podes[ir]? –non [podo ir].*

Outro dos procedementos que inflúen na cohesión dun texto é a referencia que se fai a elementos dese texto por medio de pronomes, determinantes, ou deícticos en xeral.

Ex.: *Antón e Lois ían con frecuencia de paseo. Este prefería ir ao río, aquel á montaña. Antón dicía que aquí percibíase mellor a fermosura da paisaxe.*

Pero as ideas expresadas nos textos tamén aparecen unidas por conectores ou nexos que refiren diferentes relacións entre elas. Eses nexos son as conxuncións, que establecen relacións de tempo, causa, consecuencia, contraste, adición, condición...

Ex. *Se me avisaras, deixaría a porta aberta antes de que ti chegaras e así non me farías levantar a esas horas tan intempestivas.*

Cando creamos textos estas características maniféstanse de xeito automático se é que dominamos a técnica da redacción, oero, de non ser así, sería recomendable reflexionar, elaborar e tratar de cumprir con esta normativa. Os textos escritos que sempre están máis elaborados deben repasarse para comprobar que están confeccionados conforme a estes elementos que acabamos de estudar.



### 3. A progresión temática

Cando nos enfrontamos a un texto, non retemos as palabras, senón as ideas. As ideas sucédense nun texto repetindo e engadindo información. Deste xeito as ideas vanse encadeando en progresión temática. A progresión temática pode ser de tres tipos:

a) Progresión de tema constante: as diferentes ideas dun texto, ou parte delas, van repetindo o mesmo tema. Por exemplo textos nos que caracterizamos algo:

Ex.: *Un texto debe ser cohesionado, coherente, adecuado, ter significado, ter progresividade, ter unha intencionalidade e ter unha clausura ou cierre.* Aquí repetimos constantemente o concepto “texto”. Cousa distinta é que por economía eliminemos da enumeración a expresión “un texto debe ser” ou “un texto debe”.

b) Progresión de tema lineal: unha idea introduce un tema novo que aparece repetido na seguinte de xeito encadeado:

Ex.: *Tiña a casa unha torre, tiña a torre un balcón, estaba no balcón unha dama, tiña a dama unha flor.* Aquí imos engadindo temas: á casa, primeiro, despois á torre, e así sucesivamente.


c) Progresión de temas derivados: as diversas ideas recollidas polo texto van describindo un tema cunha serie de subtemas. Estes textos aparecen cando describimos algo ou a alguén.

Ex.: *A casa tiña paredes de ladrillo revestido de pedra por fóra para darlle un aire rural. Dous pisos: baixo e sobrado. No baixo había un garaxe e unha adega, separados por unha parede de bloque. No sobrado estaban as habitacións (catro), dous baños, o comedor e a cociña. A casa era enorme. Baixo teito aproveitaran o espazo para facer unha biblioteca e un baño. Todo pensado con xenerosidade e*

*amplitude*. Aquí o hipertema é a casa e os temas as diversas dependencias e apreciacións.

O normal será que os diversos tipos de progresión estean mesturados nos textos.

#### 4. As variedades dialectais.



As linguas non se manifestan uniformes, senón diversificadas. Unha lingua é sempre un sistema de signos suxeito a unhas normas e a unhas regras. Ese sistema de signos é unha entidade abstracta que se concretiza nun acto de fala ou de escrita. A fala e a escrita son, pois, dúas modalidades dunha mesma lingua. O nivel de perfección escrita depende do grao de coñecemento que o individuo ten desa lingua, mentres que o nivel de fala só depende das posibilidades fisiolóxicas do individuo para emitir sons, e en menor medida das súas competencias intelectuais e de formación. A máis formación, máis posibilidades de comunicarse máis e mellor. Estamos falando sempre de situacións normais e non incluímos os casos de deficiencias intelectuais (casos de deficientes psíquicos). Pero a fala depende moito das condicións do individuo que fala (formación, situación, lugar de procedencia). É por isto polo que no nivel falado todas as linguas se manifestan moi diversificadas. Unha das causas desa diversificación son, como xa

apuntamos, xeográficas. Dependendo, pois, de onde un é, falará unha lingua cunhas características ou con outras. Esas modalidades idiomáticas reciben o nome de dialectos, aínda que no caso galego preferimos falar de “bloques”. Os bloques, á súa vez, divídese en áreas e estas en subáreas, e, seguindo a xerarquía, podemos chegar ás falas locais, familiares e mesmo os idiolectos (maneiras individuais de fala).

## 5. Bloques e áreas dialectais.



En Galicia chamamos bloques ás diversas modalidades xeográficas do galego. Os gramáticos en xeral e os dialectólogos en particular establecen a existencia de tres bloques, divididos polas isoglosas (liña divisoria imaxinaria) *pantalóns/pantalós* e *pantalós/pantalois*. Ao occidente da isoglosa *pantalóns/pantalós* estaría o galego occidental. Ao oriente da isoglosa *pantalós/pantalois* estaría o galego oriental. Entre as dúas isoglosas estaría o galego central.

O bloque occidental, que comprende zonas occidentais das provincias da Coruña e Pontevedra, caracterizaríase por:

- Facer o plural das palabras rematadas en *-n*, engadindo *-s*: *can*, *cans*.
- Presentar zonas de seseo total e/ou parcial: *lus* (implosivo ou parcial), *zapato*; *lus*, *sapato* (explosivo ou total).
- Posuír gheada (para representala usaremos o dígrafo *gh*): *aghulla*.
- Segundo as áreas, neutraliza os morfos de xénero das desinencias patrimoniais do sufixo latino (*-anu*, *-ana*): *meu* / *miña irmán*, *meu* / *miña irmá*.

No bloque occidental distínguense varias áreas:

Fisterrá: seseo explosivo, cheísmo (*sapato*, *vinche na feira*).

Bergantiña: sen seseo, sen cheísmo: *zapato*, *vinche na feira*.

Pontevedra: seseo explosivo, teísmo: *sapato*, *deite un regalo*.



O bloque central, que comprende zonas orientais das provincias da Coruña e Pontevedra e case toda a provincia de Lugo e Ourense, caracterízase por:

- a) Facer o plural das palabras rematadas en *-n*, cambiando o *-n* por *-s*: *can, cas*.
- b) Non presentar seseo: *luz, zapato*.
- c) Posuír zonas de gheada: *aghulla*; pero tamén zonas sen gheada: *agulla*.
- d) Presentar o ditongo *-oi* como resultado da evolución dos grupos latinos *-ult-*, *-uct-*, *-oriu*: *moito, troita, coiro*.
- e) solución *-ao /-á* para os sufixos latinos *-anul/-ana*: *irmao / irmá*.

As áreas que podemos distinguir no bloque central son:

Mindoniense (norte de Lugo e nordeste da Coruña): *nosoutros, vosoutros* (en vez de *nós, vós*), distingue *lle* de *lles*, formas *seña, esteña* (analóxicas de *teña*), *sallo* (analóxica de *vallo*). Presenta dúas subáreas: occidental, oriental.

Lucu-auriense (metade sur de Lugo e maior parte de Ourense): demostrativos *iste, ise, aquil*, artigo *il, culle, bibe* en vez de *colle, bebe*...Presenta as subáreas lucense e auriense.

Aínda hai quen distingue dúas áreas máis: área central de transición e área oriental de transición.

O bloque oriental (Asturias, León e Zamora, e leste de Lugo e Ourense) caracterízase por:

- a) Facer o plural das palabras rematadas en *-n*, cambiando *-n* por *-is*: *can, cais*.
- b) Non presentar seseo (salvo moi raramente): *luz, zapato*.
- c) Non posuír gheada: *agulla*.
- d) Conserva os grupos iniciais *cua-*, *gua-*: *cuando, guarda*.
- e) Vacilación na ditongación dos grupos *-ult-*, *-uct-*, *-oriu*: *moito / muito / mutio / muto, coiro / cuiro, truita / trutia / truta*.
- f) Presenza dun *(-i)*, probablemente epentético e non etimolóxico, en palabras rematadas en *-zo / -za*: *pacio, cobicia, preguicia* por *pazo, cobiza, preguiza*...
- g) Paso de */ai/* a */a/* seguido de *(x)*: *caxa, baxa* en vez de *caixa, baixa*.
- h) Sufixo ou terminación *-ín* en vez de *-iño*: *camín, paxarín*.

No bloque oriental distínguense as seguintes áreas:

Asturiana: vacilación no timbre aberto ou pechado de vogais medias tónicas seguidas de nasal (unhas veces conservan a abertura etimolóxica, pero outras veces a abertura é antietimolóxica (*bon, lombo*), conservación do *(-l-)* intervocálico (*avolu*), as desinencias *-iños / -iñas* pasan a *-íus / -ías* (*paxaríus, paxarías*), artigo determinado masculino *l' / el*, feminino *l' / a*, neutro *lo* (*l' amigo, el río, l' herba, a casa, lo mesmo*), artigo indeterminado feminino *úa*, con indefinidos *algúa, ningúna* alternando con *unha, algunha, ningunha* en zonas próximas a Galicia, demostrativos *estos, esos, aqueles*, posesivos *meu, tou, sou, mía, túa, súa*, pronome átono de 3ª persoa *lo / la* en calquera posición (*xa lo / la ves, véxolo, viulo*).

Ancaresa: palataliza o */a/* tónico, vogais nasais, gheada, cheísmo, vogal temática *(-i)* nos temas de perfecto da 2ª conxugación (*collí, collira, collise*), falta do morfema de número e persoa na primeira persoa do perfecto nos verbos da 2ª e 3ª conxugacións (*collí, dixé, partí*).

Zamorana: vacilación nos ditongos *oi / ou* e ausencia do mesmo (*noite / noute, dois / dous, truta, muto*), terminación *-iño* (*camiño, paxariño*), plurais *peis, verdaís*, pronomes *nós, vós* con */o/* pechado, pronomes *o, a, os, as* despois de forma verbal rematada en ditongo decrecente (*seio, seia, seios, seias*), formas verbais da 2ª conxugación con vogal temática *(-i)* en vez de *(-e-)* (*collimos, collistes*), ausencia da consoante *(-n)* na 1ª persoa dos perfectos (*collí, dixé, partí*).

Aínda hai quen fala dunha área oriental central coas subáreas Fonsagrada-Cervantes e Valdeorras-Viana.

## 6. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos.



Os principais trazos dialectais son os seguintes (organizados por niveis):

Fonéticos:

a) Gheada: consiste en pronunciar como fricativo velar xordo [X] o fonema oclusivo velar sonoro /g/: *aghulla* en vez de *agulla*.

b) Seseo consiste en neutralizar os fonemas interdental fricativo xordo /θ/ e alveolar fricativo xordo /s/ a favor de /s/: pode suceder só en posición implosiva (seseo final, implosivo ou parcial) ou en todas as posicións (seseo total ou explosivo): *lus*, *crus* (implosivo), *sinco*, *sapato*, *disir* (explosivo). Nos sitios onde hai seseo explosivo tamén o hai implosivo, pero hai sitios con seseo implosivo que non presentan seseo explosivo. O seseo total está menos estendido que o parcial.

c) Evolución dos grupos cultos latinos *-ult-*, *-uct-*, *-oct-* ou do grupo *-ori-*. A evolución destes grupos non sempre é igual, nin para todos os grupos, nin para todas as zonas. Os resultados son: *-ult-* > *-uit-/oit-/uti-/ut-*: *multu* > *muíto* / *moíto* / *mutio* / *muto*; *-uct-* > *-uit-/oit-/uti-/out-/ut-*: *tructa* > *truíta* / *troíta* / *trutia* / *trouta* / *truta*; *oct-* > *uit-/oit-*: *octo* > *uío* / *oío*; *-ori-* > *-uir-/oir-/ori-*: *coriu* > *cuiro* / *coiro* / *corio*.

d) Evolución dos grupos iniciais *cua-*, *gua-*, que se manteñen nunhas zonas e perden o /u/ noutras: *cuando* / *cando*, *guarda* / *garda*.

Morfosintácticos:

a) Evolución das terminacións *-anum* / *-anam*. Estas terminacións, a maioría das veces sufixos para facer xentilicios, evolucionan de formas diversas. Así *-anum* evoluciona a *-ano* (resultado en cultismos), *-ao* / *-au* / *-an* / *-á* (resultados en palabras patrimoniais). Mentras tanto a terminación *-anam* evoluciona a *-ana* (en cultismos), *-án* / *-á* (en palabras patrimoniais).

Ex.: *urbanum* > *urbano*; *germanum* > *irmao* / *irmau* / *irmán* / *irmá*.

*urbanam* > *urbana*; *germanam* > *irmán* / *irmá*.

Nalgunhas zonas aínda se poden atopar as formas en *-ão* e *-ã* nasalizadas: *irmão*, *irmã*.

b) Evolución das terminacións *-inum* / *-inam* / *-inos* / *-inas*. Estas terminacións, a maioría das veces sufixos para facer diminutivos, evolucionan de formas diversas. Así *-inum* evoluciona a *-iño* / *-ín*. Mentras tanto a terminación *-inam* evoluciona a *-iña* / *-ía*. A terminación *-inos*, pola súa parte, evoluciona a *-iños* / *-íus*. A terminación *-inas* pasa a *-iñas* / *-ías*.

Ex.: *paxariño* / *paxarín*; *paxariña* / *paxaría*; *paxariños* / *paxarius*; *paxariñas* / *paxarías*.

Nalgunhas zonas aínda se poden atopar as formas en *-ños* e *-ñas* nasalizadas: *paxariños*, *paxariñas*.

c) Os alomorfos para facer o plural das palabras rematadas en *(-l)* son varios. As palabras que non son agudas (graves ou esdrúxulas) e os monosílabos que rematan

en (-l) fan o plural engadindo o alomorfo (-es), pero as que son agudas fano de diversas formas: unhas veces engaden (-es), outras, previa perda do (-l), engaden o alomorfo (-is) ou (-s).

Ex.: *cónsules, soles, animales / animais / animás.*

d) Os alomorfos para facer o plural das palabras rematadas en (-n) son varios. Unhas veces engaden (-s), outras, previa perda do (-n), engaden o alomorfo (-is) ou (-s). Ex.: *cans, caís, cas.*

e) A diversidade de sistemas dos demostrativos:

-este, esta, esto; ese, esa, eso; aquel, aquela, aquilo.

-iste, esta, esto; ise, esa, eso; aquil, aquela, aquilo.

-este, esta, isto; ese, esa, iso; aquel, aquela, aquilo.

f) A forma tónica de suxeito do pronome persoal de terceira persoa para o masculino pode presentar dúas variantes: *el / il.*

g) A forma tónica de suxeito do pronome persoal de segunda persoa pode presentar dúas variantes: *tu / ti.*

h) A distribución do cheísmo e o teísmo permite establecer tres zonas: zona de cheísmo, zona de teísmo e zona onde diferencian o uso de *te* (CD) do de *che* (CI).

Ex.: *vinche na feira e deiche un regalo; vinte na feira e deite un regalo, vinte na feira e deiche un regalo.*

i) Resultado das contraccións dos pronomes de terceira persoa de CI e CD, pois hai zonas de Galicia onde non diferencian entre singular e plural no CI. Así que hai zonas onde a contracción é *llelo, llelos; llela, llelas* e outras onde é *llo, llos; lla, llas*.

l) Vacilación na vogal temática na 1ª persoa de singular do perfecto de indicativo dos verbos da primeira conjugación (e / eñ): *cantei / cantein.*

ll) Vacilación na vogal temática na 2ª persoa de singular do perfecto de indicativo dos verbos da segunda conjugación (e / ñ): *colleches / colliches.*

m) Diversidade de alomorfos para o morfema da 2ª persoa de singular do perfecto de indicativo (-che / -ches / -ste / -stes): *cantache, colliche, partiche / cantaches, colliches, partiches / cantaste, colliste, partiste / cantastes / collistes / partistes.*

n) Vacilación na vogal temática na 3ª persoa de singular do perfecto de indicativo dos verbos da segunda e terceira conjugacións (e / ñ). Son tres as zonas: zona de *colleu, parteu*; zona de *colliu, partiú*; e zona de *colleu, partiú*.

ñ) Vacilación na situación do acento na 4ª e 5ª persoas dos pretéritos imperfecto e pluscuamperfecto de indicativo e futuro hipotético (condicional). Hai zonas onde esas formas son graves e outras onde son esdrúxulas: *cantabamos, cantaramos, cantaríamos / cantábamos, cantáramos, cantaríamos.*

o) Diversidade de alomorfos para o morfema da 5ª persoa (-des / -ndes): *cantades / cantandes.*

p) Diversidade de alomorfos para o morfema da 2ª persoa de plural do imperativo (-de / -i / -nde / -Ø): *cantade / cantai / cantande / cantá.*

q) Diversidade de alomorfos para o morfema da 5ª persoa do pretérito perfecto (-stes / -stéis / -stedes / -chedes / -ches): *cantastes / cantasteis / cantástedes / cantáchedes / cantaches.*

## 7. O texto dialectal.

Tendo en conta que os textos poden ser orais ou escritos e que os textos orais son pouco elaborados e tendo en conta que textos escritos non os poden crear todos, porque se precisa certa formación, e os orais si, parece evidente que aqueles textos



pouco elaborados ou creados por persoas incultas poden presentar elementos dialectais que reflicten a procedencia de quen crea ese texto. Así pois, hai textos dialectais, que retratan á persoa que os crea.

Os textos dialectais reproducen variedades xeográficas dunha lingua e permiten identificar a orixe das persoas sempre e cando sexan espontáneos.

Ex.: *A meu irmao gustáballe moito a caza, por eso tiña sete cas. Il cazaba lebres, coellos e perdices, pero, algunha vez iba tamén ó zorro, porque o zorro atacaba as galiñas no galiñeiro.*